



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

Artigo 1.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por recollida de lixo, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, normas que atenden o previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliarias e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.
2. A tal efecto, se consideran lixos domiciliarias e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou que a recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario, ou incluso de precario.
2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.



2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Beneficios fiscais

Soamente se admitirán nesta Taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 6.- Cota tributaria

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

Artigo 7.- Devengo

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixos domiciliarias nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á Taxa.
2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data na que se realice o feito imponible.

Artigo 8.- Declaración e liquidación

1. A Taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.
2. Si se utiliza o servizo sen mediar solicitude darase de alta de oficio no padrón, liquidarase e notificarase a mesma ós interesados sen perxuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.
3. Unha vez producida o alta no correspondente padrón a liquidación desta Taxa acomodarase ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc.).

Artigo 9.- Ingreso

1. As cotas desta Taxa liquidarase e esixiranse no momento de presenta-la correspondente solicitude polos períodos non declarados, producíndose a alta no correspondente Padrón.



2. Unha vez producida a alta, a Taxa exaccionarase por padrón esixíndose o importe da mesma no prazo que sinale a tarifa da Taxa, ou ben no que determine o Alcalde-Presidente ou a Comisión de Goberno, nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación ou no que sinale a Alcaldía-Presidencia.
3. O ingreso efectuarase na Depositaria Municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente ou Comisión de Goberno.

Artigo 10.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA. DECLARACIÓN DE ALTA

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da Taxa e surtirán efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

SEGUNDA. DECLARACIÓN DE BAIXA

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da Taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

TARIFAS

- Vivendas de carácter familiar, incluso as de carácter estival61,96 €.
- Banca e Caixas de Aforro867,33 €.
- Locais comerciais e centros recreativos123,90 €.
- No caso de locais comerciais, profesionais ou de outros usos que se atopen pechados ou sen utilización, aplicarase unha tarifa reducida de46,28 €.
- Bares e cafeterías211,89 €.
- Hoteis-residenciais, hoteis, hostais, fondas e pensións371,71 €.



CONCELLO
DA GUARDA

- Comestibles (epígrafes 647.1 e 647.2)223,04 €.
- Almacéns e industrias.....371,71 €.
- Restaurantes zona A (Porto e Paseo Marítimo)619,52 €.
- Restaurantes zona B371,71 €.
- Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4)2.106,38 €.
- Salas de festas, discotecas e bares especiais619,52 €.

- Estacións de servizo270,00 €.
- Talleres de reparación de automóbiles154,30 €.
- Talleres de reparación de automóbiles, concesionario oficial....424,33 €.
- Hoteis e restaurantes con salón de vodas e camping.....1.362,96
- Oficinas, despachos profesionais e pequeno comercio que polas súas características implique unha escasa utilización do servizo.....61,96 €.

- Xeriátricos619,52 €.
- Tanatorios.....222,60 €.

Establécese unha cota tributaria reducida do 75% das tarifas vixentes relativas a aqueles establecementos que desenrolen actividades económicas, nos casos en que, no exercicio tributario anterior, a súa actividade ou apertura ó público fora suspendida como consecuencia de declaración de estado de alarma no país que vaia acompañada por unha norma estatal ou autonómica con rango legal que suspenda o desenrolo das actividades realizadas nestes establecementos.

Os propietarios dos locais onde se desenrolen estas actividades económica, como suxeitos pasivos substitutos do contribuínte terán de prazo ata o día 31 de xaneiro de cada exercicio tributario para solicitar a aplicación da cota reducida, presentando de maneira oficial a seguinte documentación acreditativa:

- Documentación acreditativa da titularidade do inmovible: poderá acreditarse mediante certificado de titularidade expedido polo Rexistro da Propiedade, escritura pública que acredite a propiedade do local, recibo do imposto sobre bens inmovibles do exercicio tributario inmediatamente anterior ou calquera outro documento que acredite a propiedade do inmovible, cuxo suficiencia será acreditada polo concello, que poderá esixir mais dun deste documentos a fin de acreditar fehacientemente esta titularidade.



- En caso de que se trate dun local arrendado, de maneira que sexa o arrendatario quen desenrole a actividade industrial ou comercial no mesmo, contrato de arrendamento suscrito entre arrendador e arrendatario.
- Declaración responsable do titular da actividade de que nese inmovible estase a desenrolar unha actividade que no período impositivo anterior foi suspendida expresamente por norma con rango de lei estatal ou autonómica derivada da declaración de estado de alarma como consecuencia da crise sanitaria provocado pola Covid-19.
- Documento de alta na Axencia Tributaria na actividade en cuestión no que conste o epígrafe da actividade e a data de inicio de mesma.
- Calquera outro documento que se esixa polos servizos económicos municipais.

ANEXO:

1. Os suxeitos pasivos obrigados ó pagamento desta taxa poderán solicitar do Concello unha bonificación dun 50% na cota da mesma sempre que os ingresos da unidade familiar non superen, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional, e posúan un patrimonio inmobiliario con valor catastral igual ou menor a seis millóns de pesetas. Sendo o único ben patrimonial a vivenda propia, o seu valor catastral poderá superar esa cantidade.
2. As solicitudes de bonificación deberán aportar en todo caso:
 - Libro de familia
 - Informe da Policía Municipal sobre as persoas que integran a unidade familiar
 - Certificación de ingresos do solicitante e das persoas que convivan con el:
 - Da empresa na que traballa
 - Do INEM
 - Da entidade pagadora de pensión ou haberes pasivos

No caso de non ter ningún dos ingresos mencionados é preciso unha certificación negativa dos Organismos competentes da Seguridade Social, na que se indique que as persoas interesadas non están incluídas nela, nin como traballadoras activas, nin como pensionistas ou beneficiarias do seguro de desemprego.

- Certificación da tributación por Imposto sobre Bens Inmóbeis e Imposto sobre actividades económicas a nome dos interesados, especificando a clase de finca e a base imponible.
- Título de propiedade, contrato de aluguer (ou no seu defecto, os recibos), da vivenda que ocupan.
- Copia da última declaración do I.R.P.F.



3. As solicitudes serán tramitadas polo Servicio de Asistencia Social que deberá emitir informe favorable tras o exame dos documentos referidos e outros informes que se estimen oportunos.

O expediente será tramitado individualmente e sometido a aprobación da Comisión Municipal de Goberno.

Os suxeitos pasivos que gocen de esta bonificación, deberán presentar declaración da variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, sen perxuízo das revisións periódicas que ó efecto se leven a cabo polo Concello.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación ordenanza fiscal, aprobada inicialmente polo Pleno do concello de A Guarda en data 5 de novembro de 2020, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2021 tras a súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia